



III. O PÚBLICO DO TEATRO



III. O PÚBLICO DO TEATRO

Neste apartado realízase unha análise adicional sobre o xénero teatral, utilizando as preguntas específicas que para este tipo de espectáculos se incluían no cuestionario.

Para iso circunscribense ao ámbito de análise aqueles individuos que acudiron algunha vez a polo menos un destes dous xéneros. Desta forma, os espectadores doutros xéneros escénicos distintos do teatro en galego e do teatro en castelán quedan excluídos da análise, aínda que na práctica son casos contados os de espectadores do IGAEM que non asistiran ningunha vez a eles (menos do 2%).

Estas preguntas, xunto ás comúns a todos os xéneros escénicos, proporcionan unha serie de informacións de diferente natureza que podemos clasificar da seguinte maneira:

- Xeográficas / Territoriais.
- Sociodemográficas.
- De asistencia / Actitudinais / Utilitaristas.
- Relacionais / De conduta.
- Psicológicas / Socioculturais / Motivacionais.

A razón de recadar esta información e para poder deseñar planificacións e estratexias de promoción orientadas a grupos de poboación determinados, que poden non estar definidos unicamente polos descritores territoriais e sociodemográficos ou polo comportamento declarado, distribúese a información nos seguintes apartados:

- No apartado 1 realizamos unha análise descritiva da información recollida polas variábeis de asistencia / actitude / utilidade.
- No apartado 2 realizamos unha análise descritiva da información recollida polas variábeis relacionais e de conduta.
- No apartado 3 realizamos unha análise descritiva da información recollida polas variábeis psicológicas, socioculturais e motivacionais.

1. Aspectos relativos a asistencia, actitude e utilidade

1.1. Preferencias absolutas polos espectáculos escénicos

Esta é a análise que se deriva de confrontar tres dimensións: o consumo declarado dun tipo de espectáculos, o interese declarado polo mesmo, e a satisfacción manifestada que se obtivo co seu consumo.

Para consultar os resultados do comportamento dos espectadores no xénero teatral remitimos ao lector ao capítulo anterior, onde se desenvolveron apartados específicos sobre os espectadores do teatro en galego e en castelán que inclúen a análise das variábeis frecuencia de asistencia, interese polo xénero teatral e satisfacción co consumo de representacións.

1.2. Valoración das infraestruturas escénicas e da organización dos espectáculos

Neste sub-apartado descríbese a valoración que realizan os entrevistados acerca das características e condicións do espazo escénico no que se desenvolveu a última actuación teatral á que asistiron. Trátase dunha referencia valiosa sobre a dotación en infraestruturas das artes escénicas, do punto de vista do público asistente, dos usuarios. Aínda que só forman parte da investigación os 21 espazos seleccionados como puntos de contactación e mostraxe da enquisa coidamos que esta información é tamén suficientemente representativa da situación xeral.

III. O PÚBLICO DO TEATRO

Táboa 86. Valoración das infraestructuras escénicas e da organización dos espectáculos teatrais

Valoración das infraestructuras escénicas e da organización dos espectáculos teatrais	Accesibilidade	Escenario	Días e horarios	Información sobre a obra	Comodidade do auditorio	Atención do persoal do auditorio
Moi bo/boa	20,5	17,0	19,0	15,3	16,4	25,7
Bo/boa	57,6	55,8	62,8	56,8	52,7	56,3
Normal	16,9	19,5	13,5	18,4	17,6	16,0
Malo/a	4,5	7,0	4,7	8,7	12,4	1,5
Moi malo/a	0,5	0,8	-	0,8	0,9	0,5
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Dos resultados que se derivan da análise destas 6 características pódese extraer a conclusión global de que as valoracións son moi semellantes para todos os aspectos.

En todos os casos a maioría dos espectadores (máis do 50%) avalían como bo cada un dos ítems analizados, e adicionalmente entre un 15% e un 25% máis eleva esa cualificación até moi boa.


Se nos centramos nas categorías máis críticas (malo ou moi malo) observamos unhas porcentaxes conxuntas que oscilan entre o 5% dos espectadores no mellor dos casos e o 13% no peor.

Aínda que resulta difícil establecer diferenzas si se deixa notar unha cota maior de respostas insatisfactorias en relación coas infraestructuras (accesibilidade, escenario e comodidade do auditorio), entanto as cuestións relacionadas coa programación e organización (día e horarios, información e atención persoal) reúnen unha porcentaxe menor de valoracións críticas.


III. O PÚBLICO DO TEATRO

Valoración das infraestructuras escénicas e da organización dos espectáculos teatrais


Accesibilidade ao auditorio




Condicións do escenario



Días e a horas escollidas para a función




Información entregada sobre a obra de teatro




III. O PÚBLICO DO TEATRO

Comodidade do auditorio



Atención ao público por parte do persoal do auditorio



Na análise por provincias só se aprecian estas diferenzas significativas:

- Na valoración das infraestruturas (accesibilidade do auditorio, condicións do escenario, comodidade do auditorio), sobresaen Ourense en positivo e A Coruña en negativo.
- Na valoración das cuestións organizativas (escollo de días e horarios, información sobre a obra, atención ao público por parte do persoal) sobresaen en negativo Ourense.


Se nos centramos no tamaño de hábitat do concello onde ten lugar o espectáculo, salientamos:

- Na valoración das infraestruturas rexístrase unha algo máis de satisfacción nos concellos pequenos (menos de 20.000 habitantes).
- Na valoración das cuestións organizativas rexístrase con certa intensidade un empeoramento das cualificación conforme medra o tamaño do concello, sen deixar de obter en ningún caso unha valoración globalmente boa.

No detalle de valoracións en función da variábel xénero non se detectan diferenzas significativas nin patróns regulares de comportamento.

Por idades a única regularidade clara é a que leva ás persoas de entre 55 e 65 anos a emitir valoracións máis benignas que o resto dos espectadores, tanto no relativo ás infraestruturas como á organización dos eventos.

1.3. Tarifas e descontos



Táboa 87. Reducións no prezo da entrada ao teatro

Reducións no prezo da entrada ao teatro		% de mencións
Tipos de desconto	Abono por tempada	8,5
	Tarifa discriminante por segmentos poboacionais	12,1
	Invitacións	4,9
	Entrada gratuíta	0,3
	Non ten desconto	74,2
	Total	100,0

Aproximadamente o 25% dos espectadores goza dalgún desconto ou rebaixa no prezo da entrada aos espectáculos.

III. O PÚBLICO DO TEATRO

O máis común é que colectivos como mozos, estudantes, parados, ou xubilados gocen dunha tarifa específica cun prezo de entrada menor (12%). Un 9% posúen reducións no prezo en razón dunha subscrición ou da compra dun abono. Por último un 5% acoden de forma gratuíta aos espectáculos, ben porque posúen unha invitación ben porque a entrada é libre.

O sistema de abonos practicamente só alcanzan unha implantación importante na provincia da Coruña e nos concellos medianos. As tarifas discriminantes son usadas xeralmente, aínda que con menor frecuencia en Ourense e maior en Pontevedra. As invitacións e entradas gratuítas están máis estendidas nas provincias occidentais que nas orientais, pero non se usan apenas nos concellos pequenos.

As mulleres usan abonos en dobre proporción que os homes. No resto de reducións a participación de ambos os xéneros é semellante.


A utilización do abono aumenta coa idade, até duplicar nas persoas maiores (14%) a porcentaxe de uso que se rexistra nas máis novas (6%). Gozan das tarifas discriminantes mozos (50%) e xubilados (40%), pero tamén algunhas persoas de entre 25 e 35 anos (7%), en razón da súa condición de estudantes ou parados. A utilización de invitacións é homoxénea por idades.

A utilización do abono concéntrase na poboación con estudos universitarios e primarios. As tarifas son máis usadas canto menor é a formación da persoa entrevistada, mostrándose como un mecanismo valioso de penetración entre os segmentos con menor intensidade de consumo de artes escénicas en xeral e de teatro en particular.

As mulleres encargadas das labores do fogar son as que en maior medida gozan dunha redución no prezo da entrada por subscrición ou abono, seguidas das persoas xubiladas ou pensionistas.

2. Aspectos relacionais e de conducta

2.1. Días de asistencia ao teatro



Que días acostuma acudir ás funcións de teatro?

Táboa 88. Días de asistencia ao teatro

Días de asistencia habitual ao teatro		% de mencións
Días da semana preferidos	Luns a xoves	8,6
	Venres	31,5
	Sábado	34,3
	Domingo	1,2
	Asiste independentemente do día	24,4
	Total	100,0

Aproximadamente 1 de cada 4 espectadores manifesta que asiste a unha representación teatral independentemente do día en que se programa. Resulta inmediato identificar este grupo co daqueles consumidores máis intensivos e fieis do xénero.

III. O PÚBLICO DO TEATRO

De entre os demais espectadores, 3 de cada 4, a maioría optan fundamentalmente por dous días para o consumo de representacións teatrais: os venres e os sábados, coincidindo cos días da fin de semana en que habitualmente a poboación realiza a maior parte das súas actividades de lecer e tempo libre.

O resto de espectadores, 1 de cada 10, reparte a partes iguais o seu consumo ao longo dos días laborábeis (luns a xoves) e do domingo, que sería a priori o peor dos días para programar.

Hai que apuntar a posibilidade, certa nalgúns casos verificados polos entrevistadores, de que a opción de resposta independentemente do día se refira non a todos os días da semana, senón especificamente a calquera dos dous días principais da fin de semana (venres e sábado).

Por provincias, A Coruña e Pontevedra reproducen aproximadamente o mesmo perfil de días que se rexistra para o conxunto de Galicia. É Lugo a que presenta un perfil de respostas máis peculiar, con elevadas preferencias polos días laborábeis (18%) e o domingo (8%). Polo demais, Lugo aposta máis polos sábados que polos venres, mentres que en Ourense acontece o contrario. Estes resultados deben ser tomados con certa precaución, porque poden estar influídos polos días en que se realizou a contactación previa ao traballo de campo.

Na análise por tamaño de hábitat de móstrase que a asistencia independente do día é máis importante canto maior é o tamaño do concello onde se celebra a representación, até o punto de que a súa porcentaxe de mencións pasa do 14% nos concellos pequenos ao 32% nas 7 cidades. Algo semellante acontece cos días laborábeis, que só son citados por un 5% nos concellos pequenos e medianos e por un 17% nas cidades. Á marxe destes fenómenos, que son os máis evidentes, detéctase unha preferencia maioritaria polos venres nos concellos máis pequenos e polos sábados nos medianos e nas cidades.

Por xéneros demóstrase que os homes rompen o equilibrio entre venres e sábados como días máis comúns para a asistencia ao teatro que se rexistra entre as mulleres, e apostan máis polos sábados.

III. O PÚBLICO DO TEATRO

En función da idade aprécianse dous fenómenos principais. Polo primeiro, canto máis vello é o espectador con maior frecuencia asegura que a súa asistencia é independente do día: os menores de 25 anos afirman isto nunha porcentaxe do 17% que se eleva até o 30% nos maiores de 55 anos. Polo segundo canto máis novo é o espectador maior é a probabilidade de que prefira o venres ao sábado, e ao revés canto máis maior é, sen existir en ningún caso diferenzas demasiado importantes.

A asistencia independentemente do día e en días laborábeis son respostas máis comúns canto maior é a formación académica da persoa entrevistada.

En relación coa situación laboral, só os ocupados prefiren o sábado ao venres, mentres que o resto de categorías (parados, estudantes, persoas encargadas das labores do fogar e xubilados e pensionistas) prefiren maioritariamente os venres.

2.2. Asistencia só ou en compañía

Táboa 89. Consumo individual e colectivo de teatro

Consumo individual e colectivo de teatro		% de mencións
Con quen acostuma asistir	Só/soa	9,2
	Coa parella	35,7
	Con amigos/as	42,9
	Coa familia	17,3
	Outras persoas	0,4

As porcentaxes non suman 100% porque se permitían dúas posibilidades de resposta

Menos do 10% dos entrevistados acostuman acudir a soas ao teatro. O máis habitual é acudir con amigos (43%) ou coa parella (36%). Tamén é máis frecuente que a asistencia en solitario ou ir en compañía de parella.

III. O PÚBLICO DO TEATRO

Cando detallamos estas respostas en función da provincia encóntrase un comportamento diferenciado das provincias orientais e occidentais, segundo o cal é máis frecuente acudir coa familia nas primeiras (22%) que nas segundas (16-17%). Tamén se deixa notar unha maior importancia dos amigos (48%) na provincia de Pontevedra en relación co resto. En cambio, na Coruña é máis frecuente asistir coa parella que coas amizades.

En función do hábitat verificase que a asistencia parella ou só aumentan en paralelo ao tamaño poboacional do concello onde ten lugar a representación teatral. A asistencia coas amizades presenta o mesmo nivel en todos os hábitats, entanto a asistencia coa familia decae do 25% nos concellos pequenos ao 13% nos concellos medianos e nas cidades.

Por xénero ponse de manifesto que os homes acoden en maior medida coa parella que coas amizades, mentres nas mulleres a imaxe máis gráfica é a do grupo de amigas que van xuntas ao teatro. Esta socialización da asistencia ao teatro ten por tanto un carácter case exclusivamente marcadamente feminino.

Na análise da compañía por idades póñense de manifesto numerosos fenómenos:

- 2 de cada 3 mozos menores de 25 anos acoden coas amizades.
- 1 de cada 2 persoas de entre 25 e 35 anos acoden igualmente coas amizades.
- A asistencia coa parella é minoritaria entre os mozos (15%) e supera os 30 puntos nos demais intervalos, acadando o seu máximo no intervalo dos 45 aos 55 anos.
- A asistencia coa familia debuxa unha distribución con dous máximos: estes valores máis altos alcázanse nos intervalos de 35 a 45 anos e 55 a 65 anos, marcando dúas xeracións diferentes (nais/pais e avós/avoas).
- A asistencia en solitario é característica dos mozos (12%) e dos máis vellos (13%), sendo menor no resto (7-10%).

III. O PÚBLICO DO TEATRO

Cruzando a variábel da compañía coa variábel da formación académica destacamos:

- A asistencia coa familia é máis improbable canto maior é o nivel de estudos da persoa entrevistada.
- A asistencia en solitario é constante ao longo de todas as categorías formativas.
- En consecuencia, a asistencia coa parella e coas amizades medra en paralelo ao nivel formativo.

Por último, a relación coa situación laboral revela os seguinte comportamentos:


- Os xubilados e pensionistas case nunca van a soas ao teatro.
- As mulleres encargadas do traballo da casa van preferentemente coa familia.
- Os estudantes fan o mesmo maioritariamente coas amizades e case nunca coa familia.
- Os parados tamén prefiren as amizades pero tamén van coa familia.
- Os ocupados van coa parella ou coas amizades.

III. O PÚBLICO DO TEATRO


2.3. Desprazamentos realizados

Desprazamentos na asistencia ao teatro: Distancias e tempos

Desprazamentos na asistencia ao teatro: Distancias



Desprazamentos na asistencia ao teatro: Tempos



Táboa 90. Estatísticos descritivos das distancias e tempos de desprazamento para asistir ao teatro

Estatísticos descritivos das distancias e tempos de desprazamento para asistir ao teatro	Todos os espectadores		Só os espectadores que se desprazan desde un concello diferente (30,4%)	
	Distancia (Km)	Tempo (min.)	Distancia (Km)	Tempo (min.)
Media	17,5	15,1	57,4	49,4
Mediana	0,0	0	32,1	32
Moda	0,0	0	7,7	10
Desvío patrón	40,3	33,4	55,2	44,0
Coeficiente de variación	231%	220%	96%	88%

Para realizar un estudo da mobilidade do espectador realizouse unha estimación consistente en calcular o traxecto que había entre o concello onde se efectuou a representación e o concello de residencia do entrevistado. Este exercicio analítico ten un carácter orientativo, pero considérase que pode ser de grande utilidade no marco do presente estudo.

III. O PÚBLICO DO TEATRO

Estes datos foron calculados de forma aproximada empregando as matrices de distancia entre as capitalidades municipais dos concellos galegos, así como as velocidades medias de desprazamento por tipo de vía que emprega a Guía Campsa na súa edición do ano 2006.

O 30% dos espectadores de teatro realizan algún desprazamento desde outro concello para asistir ás representacións.

Por termo medio os desprazamentos atinxen unha media de 17,5 Km e levan un tempo de 15 minutos. Pero se restrinximos a análise ao 30% que de despraza e non incluímos o 70% das persoas que asisten desde ao mesmo concello as medias de distancia en quilómetros e minutos dispáranse até os 57,5 Km e os 49 minutos de duración da viaxe. Pódese intuír tamén que as persoas que realizaron un desprazamento desta magnitude deben gardar unha relación estreita cos consumidores máis incondicionais dos espectáculos teatrais.

Por provincias demóstrase que na Coruña se despraza unha maior proporción de espectadores: 36% fronte a 26% nas outras tres provincias. Porén, os maiores tempos medios de desprazamento (calculados sempre só para as persoas que proceden a asistir desde outro concello) correspóndense ás provincias de Lugo e Ourense (60 e 55 min respectivamente).

En función do hábitat os concellos que reciben espectadores cunha maior proporción de desprazados son os medianos, onde esa porcentaxe acada o 42%, fronte ao 26% que se rexistra tanto nos concellos pequenos como nas cidades. Así e tod , se falamos de tempos medios de desprazamento son os espectáculos celebrados nos concello medianos os que reciben espectadores que invisten un tempo medio de desprazamento menor: 33 min fronte aos 57 min das 7 cidades os 72 min dos concellos pequenos.

Analizando o xénero os homes desprázanse en maior proporción que as mulleres (38% masculino por 26% feminino), e tamén invisten algo máis de tempo nos desprazamentos (53 e 47 min respectivamente).

III. O PÚBLICO DO TEATRO

Segundo a idade demóstrase que por riba dos 35 anos os espectadores de todos os tramos de idade desprázanse na mesma proporción (21-25%). Os que máis se desprazan son os mozos de entre 25 e 35 anos, que rexistran un 42% de desprazados. Entre os mozos este índice de mobilidade volve diminuír até o 34%, aínda que segue a ser maior có das persoas de maior idade. En tempos medios de desprazamento os que están máis dispostos a investir máis minutos son os que máis se desprazan, os mozos de entre 25 e 35 anos, con 57 min. Os que menos tempo gastan son os maiores de 45 anos, que se aproximan máis aos 30 min.

Dependendo do nivel de formación académica (e con certeza do nivel de poder adquisitivo que se relaciona con el) descubrimos unha maior porcentaxe de espectadores que se desprazan conforme aumentan os anos de estudo. Así, entre as persoas con estudos primarios só un 20% se dislocan mentres que entre as persoas con formación universitaria a porcentaxe elévase até o 35%.

Por último, en relación coa actividade económica constátase que o menor índice de mobilidade corresponde ás mulleres (14%) e maior ás persoas ocupadas (32%) e aos estudantes (35%).

Para estes dous descritores xeográficos os tempos medios de desprazamento non presentan conclusións claras.

2.4. Canles de información sobre os espectáculos

Táboa 91. Canles de información sobre a programación e os espectáculos

		% de mencións
Canles de información sobre a programación e os espectáculos	Xornais escritos	57,8
	Publicidade exterior, carteis	39,5
	Folletos, dípticos, trípticos	38,1
	Familia, amigos e coñecidos	24,3
	Radio	14,4
	Internet (excepto *)	13,1
	Xornais electrónicos *	10,9
	Entidades **	7,0
	TV	3,2
	Correo postal	0,8
	No teatro ou auditorio	0,8
	SMS	0,3

As porcentaxes non suman 100% porque se permitían varias posibilidades de resposta

*** Concellos, centros de ensino, caixas, IGAEM, CGAI, etc.*

A prensa escrita é a canle pola que a maioría dos espectadores de teatro (58%) recibe información sobre as programacións e as obras que se representan. A moita distancia se sitúa tanto a publicidade exterior como os folleto (ambos cun 38-39%).

Un 25% afirma tomar coñecemento das funcións por comentarios de persoas en varios círculos (familiares, amizades, traballo).

Outras tres canles obteñen máis dun 10% de mencións: a radio, as páxinas de internet que non son as versións electrónicas dos xornais impresos e estas páxinas en concreto, aínda que se sumamos ambas as categorías relacionadas coa internet a rede convértese nunha canle tan relevante como os contactos persoais.

As informacións de entidades promotoras ou difusoras, a TV, as informacións recollidas nos propios espazos escénicos, os envíos postais (xeralmente provenientes dos concellos) e as mensaxes SMS da telefonía móbil completan a listaxe de 12 ítems e cerran clasificación con mencións inferiores ao 10%.

III. O PÚBLICO DO TEATRO

A respecto das porcentaxes globais as principais diferenzas que se rexistran en función dos descritores territoriais e sociodemográficos son as seguintes:

- Os xornais cobran unha importancia relativa maior en Ourense e menor en Pontevedra. Os xornais incrementan a súa eficacia un 40% nas cidades a respecto dos demais concellos.
- A publicidade exterior funciona mellor en Lugo e Pontevedra, e en xeral mellor nos concellos pequenos e peor nas cidades (onde a súa eficacia se ve reducida á metade).
- Os folletos obteñen porcentaxes superiores á media nas provincias occidentais, pero tamén son algo máis efectivos nos concellos pequenos que nas cidades).
- A internet en Ourense se queda moi por baixo da porcentaxe media galega. Internet duplica a súa importancia nas cidades en relación aos concellos pequenos.
- A radio funciona mellor en Lugo e peor na Coruña, e tamén algo mellor nos concellos pequenos que nas cidades.
- A información procedente das entidades funciona peor en Lugo e sobre todo en Ourense, e é máis efectiva e/ou eficiente nos concellos medianos.
- O boca a orella é máis importante que a media en Ourense, e menos en Lugo.

No que respecta aos descritores sociodemográficos destácase:

- Os xornais funcionan por igual entre homes e mulleres, e mellor entre a xente madura (35-55 anos) que entre a mocidade (menos de 25 anos).
- A publicidade exterior funciona sobre todo entre a mocidade, onde rexistra unha penetración superior en un 50% á que ten no resto da poboación. É algo máis efectiva entre as mulleres que entre os homes.
- Os folletos son algo máis efectivos entre as mulleres, e por idades penetran por igual en todos os intervalos.
- A pegada da internet é un 50% máis efectiva entre os homes, e supera os valores medios entres os 25 e os 45 anos, mantendo un nivel constante no resto de tramos de idade.

- A radio apenas aparece como canle de información entre a mocidade. Chega por igual a homes e mulleres.

- A información das entidades non mostra diferenzas por xénero e chega máis aos mozos que aos vellos, multiplicando por 2 a súa efectividade nos primeiros.

- O boca a boca é un 50% máis efectivo entre as mulleres, e funciona o dobre de ben entre as persoas máis novas a respecto das máis vellas.

2.5. Medios de información e comunicación e produtos culturais e de lecer

Este apartado foi abordado para o conxunto dos espectáculos escénicos no capítulo anterior, ao que nos remitimos para obter a información e os resultados correspondentes.

3. Aspectos psicolóxicos, socioculturais e motivacionais

3.1. Teatro en galego vs. teatro en castelán

Aínda que no primeiro capítulo se avanzaron algunhas conclusión sobre o comportamento dos espectadores do IGAEM para con o teatro representado en cada un dos dous idiomas, aquí é onde realizamos unha análise comparada un pouco máis demorada.

Construímos para isto diversas variábeis con base na información fornecida polos entrevistados. Estas variábeis son as seguintes:

- Frecuencia de asistencia ao teatro en calquera dos dous idiomas, calculando de forma aproximada a suma das categorías de frecuencia de asistencia declaradas para o teatro en galego e para o teatro en castelán.

- Frecuencia de asistencia relativa ao teatro nun e noutro idioma, comparando as frecuencias de asistencia a teatro en galego e a teatro en castelán.


III. O PÚBLICO DO TEATRO

- Interese relativo polo teatro nun ou noutro idioma, comparando o interese declarado polo galego co teatro en castelán.

- Satisfacción relativa polo teatro nun ou noutro idioma, comparando a satisfacción declarada tras o consumo de teatro en galego e de teatro en castelán. Esta variábel está calculada sobre os consumos históricos de cada tipo de teatro, dada a dificultade de encontrar un número suficiente de observacións de teatro en castelán na última representación á que asistiron os espectadores.


Todas elas fornécennos unha información sobre a preferencia polo teatro nun ou noutro idioma.

Análise comparada do teatro en galego e en castelán



III. O PÚBLICO DO TEATRO

Análise comparada: Interese



Análise comparada: Satisfacción



Táboa 92. Análise comparada do teatro en galego e en castelán

Análise comparada do teatro en galego e en castelán	Frecuencia de asistencia	Interese	Satisfacción
Prefire o teatro en galego	44,0	35,2	34,6
Prefire por igual os dous	51,0	53,7	54,4
Prefire o teatro en castelán	5,1	11,2	11,0
Total	100,0	100,0	100,0

O comportamento dos espectadores que torcen máis polo teatro nunha ou noutra lingua xa está implicitamente explicado no capítulo anterior ao analizar por separado estas variábeis para cada un dos xéneros escénicos, tendo comentado alí as principais diferenzas.

A razón do cálculo desta variábel reside unicamente na obtención dun indicador que reforce o poder discriminatorio da análise multivariante entre estes dous tipos de espectáculos.

III. O PÚBLICO DO TEATRO

3.2. Factores motores de asistencia ao teatro

Táboa 93. Factores motores de asistencia ao teatro

Factores motores de asistencia ao teatro		% de mencións
Factores	O xénero / o tipo de obra	56,6
	Os actores e as actrices	37,8
	As críticas	24,3
	O compromiso co teatro/a cultura galegas	20,3
	O nome / a fama da compañía	19,9
	As opinións de amigos/as e familia	18,7
	A publicidade da obra	7,5

As porcentaxes non suman 100% porque se permitían varias posibilidades de resposta

O xénero ou tipo de obra é o primeiro aspecto que pode motivar aos espectadores de teatro a acudir ou non a unha representación, sendo o segundo factor en importancia a notoriedade ou popularidade dos actores e actrices que interveñen na obra.

Un segundo grupo de factores de motivación que segundo os entrevistados facilitan a decisión de asistir a unha representación encóntranse as críticas colleitadas, o compromiso persoal coa cultura galega, a fama e traxectoria da compañía e as opinións de persoas achegadas.

Segundo o manifestado polo público dos espectáculos teatrais do IGAEM a publicidade sería o factor menos motivador dos analizados.

Nunha análise provincial das respostas demostrase que o xénero da obra cobra unha importancia superior á media en Lugo e Pontevedra, entanto a fama da compañía fai o propio na Coruña e Ourense. Tamén se detecta un tirón inferior dos actores e actrices e da publicidade na Coruña, e das críticas (tanto de expertos como de achegados) en Pontevedra a respecto dos niveis medios globais para Galicia. O compromiso coa cultura galega perde enteiros en Pontevedra.

III. O PÚBLICO DO TEATRO

No plano do tamaño poboacional dos concellos ou tipo de hábitat o único que se observa é unha maior importancia do xénero ou tipo de obra nas cidades e da publicidade nos concellos máis pequenos.

En canto aos cruces coas variábeis de descrición sociodemográfica as mulleres conceden maior importancia ás críticas (técnicas ou non) e á publicidade, entanto entre os homes cobra un peso maior o compromiso coa cultura do País.

Por idades os patróns observábeis de comportamento indican que as persoas máis novas tenden a ter en mellor consideración os comentarios de achegados, a publicidade e os actores, e as persoas de mediana ou elevada idade tenden a valorar máis as críticas técnicas, o xénero da obra e o compromiso coa cultura galega.

3.3. Factores limitativos da asistencia ao teatro

Táboa 94. Factores limitativos de asistencia ao teatro

Factores limitativos de asistencia ao teatro		% de mencións
Factores	Oferta escasa do que lle gusta	57,8
	Problemas para saír da casa	36,4
	O prezo da entrada	18,0
	Falta de tempo libre	10,9
	Dificultades para desprazarse	9,8
	Falta de información sobre a programación	9,6
	Ningunha oferta do que lle gusta	6,4
	Falta de calidade nas representacións	5,1
	Incompatibilidades de horarios	4,9
	Falta de programación teatral e cultural no concello de residencia	4,4
	Dificultades para conseguir entradas	2,0
	O feito de ter outras afeccións, hábitos e costumes	1,6
	Falta de compañía para asistir	1,4
	A falta de ambiente de público nas representacións	0,7
	A incomodidade do teatro ou auditorio	0,4
	Que o galego sexa o idioma das representacións	0,4

As porcentaxes non suman 100% porque se permitían varias posibilidades de resposta

III. O PÚBLICO DO TEATRO

O principal factor que limita o crecemento da frecuencia de asistencia dos espectadores de teatro é a unha oferta escasa de obras que satisfagan os seus gustos e preferencias, consideradas de xeito global (cada persoa terá os seus). O 58% mencionan esta razón como un obstáculo para unha maior asistencia a representacións teatrais, aínda que só 1 de cada 10 destes espectadores (6%) leva esta escaseza ao extremo de afirmar que non existe ningunha oferta para os seus gustos.

A segunda razón aducida son as dificultades manifestadas para poder saír da casa, concepto que engloba as obrigas co fogar, a familia ou os fillos. Algo máis de 1 de cada 3 espectadores sinala este problema.

A terceira razón en importancia é o prezo das entradas, aspecto sobre o que se manifesta o 18%.

A continuación, con preto dun 10% de mencións, figuran tres opcións máis: a falta de tempo libre, as dificultades para desprazarse (por motivos de saúde ou de falta de transporte) e o descoñecemento da programación cultural.

Existe un pequena fracción dos espectadores, próxima ao 5%, que considera que existe falta de calidade na oferta de representacións, e falta de programación por parte do Concello. Tamén é desa magnitude o grupo que manifesta ter incompatibilidade de horarios.

Por último nin as dificultades para conseguir entradas, nin a tenza doutras afeccións ou hábitos de tempo libre, nin a falta de compañía para asistir parecen ser razóns que merezan terse en conta. O mesmo acontece para a falta de público nas funcións, a posíbel incomodidade do auditorio ou a utilización do galego nas obras.

3.4. Caracterización do teatro en galego


Táboa 95. Caracterización do teatro en galego

Caracterización do teatro en galego	Moderno	Crítico	Divertido	Atractivo	Profesional	Sofisticado	Próximo
Moi de acordo	30,3	25,3	34,2	27,2	27,6	7,6	25,9
Bastante de acordo	51,8	51,4	52,5	59,6	57,2	32,7	51,4
Pouco de acordo	15,5	20,3	11,9	12,3	14,3	45,1	20,4
Nada de acordo	2,4	3,0	1,4	1,0	0,9	14,6	2,3
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Os espectadores coinciden en bloque á hora de cualificar ou caracterizar o teatro galego como bastante moderno, bastante crítico, bastante divertido, bastante atractivo, bastante profesional e bastante próximo, con apenas leves diferenzas de matiz entre todos estes adxectivos. Porén, tamén a maioría dos entrevistados coinciden en caracterizalo como pouco sofisticado, aínda que neste caso as opinións estarían máis divididas.

III. O PÚBLICO DO TEATRO

Caracterización do teatro en galego: Sofisticado




Qualificaría o teatro en galego como sofisticado?

A información recollida polas valoracións dos 7 ítems resúmese claramente en dous factores: un que recolle a valoración dos 6 ítems con valoración favorábel, e outro que marca as diferenzas a respecto do nivel de sofisticación. Estes 2 factores son os que reservamos para a segmentación.

3.5. Coñecemento e uso da lingua galega

Galego: frecuencia de uso oral e de lectura



Táboa 96. Frecuencia de uso e de lectura do galego

Frecuencia de uso e de lectura do galego	Falar	Ler
Sempre	39,4	25,0
Frecuentemente	21,2	23,4
Ás veces	30,2	42,9
Nunca	9,2	8,6
Total	100,0	100,0

A nivel oral o 60% dos espectadores usan o galego sempre ou frecuentemente, mentres que un 40% o usa ás veces ou nunca. A nivel de lectura as proporcións igúalanse a aproximadamente un 50%.

